



## ANTECEDENTES

1. A composición inicial da Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro Olímpico, segundo o artigo 18.1 do Regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Tiro Olímpico. Proceso electoral 2018-2022 aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte por resolución de un de xuño de 2018, é de 33, correspondendo 21 ao estamento de entidades deportivas, 7 ao estamento de deportista, 3 ao estamento de adestradores e 2 ao estamento de xuíces.

2. O 16 de xullo de 2018 a xunta electoral da Federación Galega de Tiro Olímpico remite á Secretaría Xeral para o Deporte a acta da reunión do 11 de xullo da Xunta Electoral na que acorda, en aplicación do artigo 19,2 do Regulamento electoral da Federación galega de Tiro Olímpico que establece que unha vez aprobado o censo electoral definitivo de cada un dos estamentos e tendo en conta o número de membros do estamento de entidades deportivas, a xunta electoral fixará o número de membros de cada estamento, segundo as porcentaxes e criterios establecidos no regulamento electoral, fixar unha nova composición da asemblea xeral.

3. Dado que o censo definitivo de estamento entidades deportivas é de **24** e segundo o artigo 19.3 do regulamento electoral, na Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro Olímpico teñen que estar representadas o 100% de entidades deportivas, a xunta electoral acorda fixar o censo electoral do seguinte xeito:

Membros da Asemblea Xeral: **37**

Estamento de entidades deportivas: **24**; 8 da modalidade de prato e 16 da precisión

Estamento de Deportistas: **7**; 1 da modalidade de prato e 5 da modalidade de precisión e 1 deportista galego de alto nivel (DGAN)

Estamento de Adestradores: **4**; 1 de prato e 3 da modalidade de precisión. (Incrementa en un cando o censo definitivo de adestradores é de 12)





Estamento de xuíces-árbitros: **2**; 1 da modalidade de prato e 1 da modalidade de precisión.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É competencia da Secretaría Xeral para o Deporte autorizar ou modificar a composición da asemblea fixada pola xunta electoral da federación deportiva galega tal como establece o artigo 34. apartado 4 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, :

“Unha vez aprobados os censos electorais definitivos de cada un dos estamentos da respectiva federación, e tendo en conta o número de membros do estamento de entidades deportivas, a xunta electoral fixará o número concreto de membros de cada estamento, segundo as porcentaxes e criterios establecidos no regulamento electoral. Esta decisión da xunta electoral non é impugnable e deberá ser notificada, no prazo de dous días, á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa autorización ou modificación. A resolución da Secretaría Xeral para o Deporte poñerá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo”.

De conformidade con todo o indicado,

### Resolvo:

**Modificar** a composición da Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro Olímpico fixada polo acordo da Xunta Electoral do 11 de xullo de 2018 e comunicado á Secretaría Xeral para o Deporte o 16 de xullo. Fixando a composición da Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro Olímpico para o proceso electoral 2018-2022 como segue:

Membros da Asemblea Xeral: **37**

Estamento de entidades deportivas: **24**; 8 da modalidade de prato e 16 da precisión

Estamento de Deportistas: **8**; 1 da modalidade de prato e 6 da modalidade de precisión e 1 deportista galego de alto nivel (DGAN)

Estamento de Adestradores: **3**; 1 de prato e 2 da modalidade de precisión.

Estamento de xuíces-árbitros: **2**; 1 da modalidade de prato e 1 da modalidade de precisión.





A xunta electoral da Federación Galega de Tiro Olímpico deberá dar a máxima difusión á presente resolución, e ,en todo caso, debera publical na paxina web da federación na sección de procesos electorais e no taboleiro de anuncios da sede federativa.

A presente resolución notificarase á interesada, facéndolle saber que esgota a vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante a sola do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte o da súa notificación, consonte ao disposto no artigo 46 da Lei 29 /1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro que estimen pertinente.

Santiago de Compostela,

A secretaria xeral para o Deporte

Marta Míguez Telle



